



# Roteiro polos espazos reais e imaxinarios de **Rodrigo Costoya** en *Portosanto*

Pontevedra, 29 de xaneiro de 2022 - Código en fprofe: G2103007



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADE



Xacobeo 21-22

## Programa da actividade e dator do relator

**09:00 - 10.30** – Presentación e reparto de material

**09:20 - 10.30** – Portosanto. Presentación, benvida e informacións no museo Casa Natal de Cristóbal Colón

**11:00 - 12:30** – Pontevedra. A Moureira, a Ponte do Burgo e Santa María

**13:00 - 14:00** – Soutomaior. Visita ao castelo

**14:00** – Remate da primeira parte do percorrido

**16:00** – Comezo da segunda parte do percorrido en Salvaterra do Miño

**16:10 - 16:45** – Salvaterra do Miño

**17:00 - 18:30** – Tui

**19:00 - 20:00** – Baiona. Visita á “Pinta”

**20:00** – Remate do percorrido

## Relator



**Rodrigo Costoya Santos**

Licenciado e doutorando en INEF, tempo no que publica *Baloncesto: metodoloxía en el rendimiento* (2002). Na súa etapa universitaria participa en proxectos relacionados co mundo do deporte, sendo primeiro adestrador do equipo de baloncesto en cadeira de rodas do Club NÓS de Culleredo. Posteriormente foi preparador físico do Club Rosalía (Liga LEB2) e CAB Obradoiro (Liga ACB). Alén diso, foi director do CPI dos Dices durante 8 anos, ata o ano 2016, momento no que decide empezar a escribir e desenvolver a súa faceta literaria. No ano 2017 publica *Portosanto* (traducida ao castelán en 2019 e publicada en setembro de 2021, Editorial Pàmies). En 2018, *El custodio de los libros* (segunda novela da triloxía) queda finalista no Premio Torrente Ballester. Xa traducida ao castelán gaña o IX Premio de Novela Histórica Ciudad de Úbeda na súa edición de 2020. É publicada en galego co título orixinal de *Misarela* en novembro de 2021 (Editorial Galaxia). A terceira novela da triloxía será publicada en 2022.